DOSSIER RILLA-RILLA

Donas e cabaleiras, señoras e señores, picarada toda...!
Benvidas ao concurso sobre a lingua onde apañamos as palabras coma se fosen berberechos.
Preparádevos para recoller eses vocábulos que case nunca medran nos libros.
Se queredes saber o que significa rilla-rilla, poñede atención...
O espectáculo vai comezar!

O ESPECTÁCULO

Rilla-Rilla é un espectáculo teatral cun formato interactivo que tenta aludir aos concursos televisivos. A partir desta proposta estética e formal a compañía intenta reflexionar sobre a linguaxe, os seus usos e características, as variedades dia-tópicas dunha mesma lingua, etc. Este formato participativo onde o público se divide en dous equipos e participa desde o patio de butacas permítenos que o público presente se implique directamente no espectáculo sendo un elemento máis do mesmo.

A proposta está dirixida ao público familiar e no caso de realizar campañas escolares destinaríase o espectáculo a Educación Primaria.

OBXECTIVOS

- Promover o uso da lingua galega dun xeito lúdico.
- Salientar as variedades diatópicas da lingua.
- Recoñecer a riqueza léxica da nosa lingua.
- Apreciar a importancia da palabra como feito comunicativo.
- Achegar as artes escénicas a rapazada.Incentivar a observación activa da rapazada espertando deste xeito a súa sensibilidade.
- Revisar o conto tradicional desde unha perspectiva feminista.

TRAXECTORIA DA COMPAÑÍA

Xarope Tulú é unha compañía comprometida coas linguaxes escénicas dirixidas á infancia e á mocidade, que convida a viaxar por mundos singulares.

Fundada no ano 2015 pola actriz Atenea García e o músico Nicolás Zamorano, as súas propostas intentan achegar entre si as diferentes linguaxes escénicas: a narración oral, o teatro de obxectos, a interpretación actoral e a música. Ademais as súas montaxes intentan non aferrarse a un único estilo interpretativo; facilitando o descubrimento doutros mundos posibles e a creación dun espazo para a reflexión.

Na actualidade a compañía conta con diversos espectáculos en cartel como Arrieira, Nómades, Rilla-Rilla ou De ti e mailo mundo que apañes baseado na obra poética de Xela Arias entre outros.

FICHA ARTÍSTICA

Creación: Atenea García e Nicolás Zamorano
Interpretación: Atenea García
Espazo Escénico: Nicolás Zamorano
Espazo Sonoro: Nicolás Zamorano
Asesoramento Lingüístico: Rosa Moledo
Fotografía: Ángel Sousa
Vídeo: Caneca
Deseño gráfico: Nicolás Zamorano

DATOS TÉCNICOS

Idioma: Galego
Duración aproximada: 45 min.
Montaxe: 130 min.
Desmontaxe: 60 min.

Público: Familiar

Campaña escolar: Ed. Primaria